

DEMANDA DE SERVIZOS

Definición

A petición ten a mesma estrutura e redacción que a carta. Utilízase habitualmente cando unha empresa solicita peticións de orzamentos, proxectos ou similares.

Exemplo

LUASAL
R/ San Antonio, 4, baixo
12900 Ortigueira, A Coruña

XESTAL
Xestión de seguros
Avda. da Constitución, 23
12300 As Pontes
A Coruña

Estimado señor, estimada señora,

En nome da nosa empresa, LUASAL, con sede central na Coruña, pónome en contacto con vostedes co obxecto de solicitar un orzamento dos servizos que ofrecen. Debido a que proximamente será inaugurada unha nova tenda da nosa cadea, precisamos un orzamento aproximado para a contratación dun seguro a todo risco desta sucursal.

Co fin de achegar máis datos para a realización do orzamento, enviamos xunto con este escrito un informe das características técnicas e fotocopias dos planos da nova sucursal.

Permanezo, pois, á espera de recibir canto antes unha contestación.

Reciban un cordial saúdo,



Carme López
Servizo de Persoal de LUASAL

Ortigueira, 1 de marzo de 2009